

**QUEREMOS
GALEGO!**
PLATAFORMA



MARUSÍA

ASOCIACIÓN DE EMIGRANTES RETORNADOS

Nº 5 - 2010



MARUSÍA
ASOCIACIÓN DE
EMIGRANTES RETORNADOS



XUNTA DE GALICIA
PRESIDENCIA
Secretaría Xeral de Emigración

- 1 **a ofensiva desprotectora e desnormalizadora da lingua galega**
editorial

- 4 **Novoneyra, o último druída**
xoán carlos garcía couceiro

- 8 **cartografía do recordo**
ana de larriva

- 12 **igualdade e benestar**
tereixa novo arrojo

- 15 **sociedade e saúde**
tereixa lópez albardonedo

- 18 **unha caixa galega ao servizo da economía do país**
alberte souto souto

- 21 **o aproveitamento do noso mar, pesca de baixura e marisqueo**
joám Luís Ferreiro caramês

- 25 **ferrolterra: a longa loita polo dereito a producir**
manuel rodríguez doval

- 28 **a lei eólica do partido popular**
m^a carmen brun vázquez

- 32 **aspas negras na economía**
ana de larriva

- 33 **apontamentos sobre a crise económica**
bernardo valdês paços

- 36 **réquiem**
ana de larriva

MARUSÍA permite a reprodución total ou parcial dos artigos contidos nesta publicación, sempre e cando se cite a súa procedencia.

Do mesmo xeito, MARUSÍA non se fai responsábel das opinións vertidas nas diversas colaboracións



Rúa do Home Santo, 10 baixo
15703 Santiago de Compostela
Teléfono 619 61 22 40

asociacion.marusia@gmail.com
www.marusia.galiciaaberta.com

Fotografía da capa:
Marusía
Manifestación a prol da lingua,
Praza da Quintana,
18 de outubro de 2009.

Depósito Legal
C 3655-2007

Charla e Xantar de confraternización



Ana de Larriva

Xornalista e colaboradora de Marusía

Os dereitos legais dos emigrantes galegos retornados centraron a charla informativa previa ao xantar de Marusía. O Hotel Congreso de Teo albergou o pasado 26 de abril, nun ano máis, o encontro de confraternización anual da asociación. O presidente, Manuel Domínguez, fixo fincapé no motivo do encontro, destacando a importancia de reunirse para loitar polos intereses comúns de todos os socios. O avogado Xosé Calvo e Petra Beck levaron a cabo a conferencia, á que asistiu casi un centenar de persoas.

Durante a súa intervención faláron das diferentes prestacións ás que un emigrante de volta xa na Galiza pode ter dereito, centrándose

na casuística dos diferentes países da Unión Europea e máis Suíza. Lembraron os piares dos sistemas de previsión social, referíndose sobre todo ás bonificacións relativas ás bases, nas situacións de vellez, invalidez e supervivencia. Fixeron alusión aos requisitos necesarios para acceder ao sistema sanitario, sendo un deles que o salario percibido non supere o 75 por cento do Indicador de Renta de Efectos Múltiples (IPREM), uns 400 euros. Despois da conferencia, abriuse a rolda de preguntas, na que se involucrou gran parte do público asistente, formulando numerosas cuestións sobre as diferentes situacións persoais.

Xa no restaurante, o ambiente cordial do xantar culminou a xornada. As rememoracións de lembranzas, a posta en común de intereses e a conversa distendida centraron o almorzo, neste noveno ano de vida de Marusía, preparándose para a celebración o ano próximo da súa década de existencia.

